

NÓS, MULLERES, FEMINISTAS, HERDEIRAS DE **TODAS AS QUE LOITARON POLOS NOSOS DEREITOS,** **fronte ao movemento internacional** **do borrado das mulleres,**

DENUNCIAMOS QUE

QUÉRENSE INTRODUCIR NAS NOSAS LEIS conceptos acientíficos de identidade e expresión de xénero, conceptos que converten o sexo en irrelevante.

O SEXO É A BASE DA DISCRIMINACIÓN da violencia que sufrimos as mulleres.

ELIMINAR A CATEGORÍA SEXO para substituíla por un xénero autopercibido é un acto de misoxinia.

AO ELIMINAR O SEXO como categoría xurídica, todas as políticas para combater a desigualdade estrutural que as mulleres padecemos tórnanse irrelevantes.

A LEI DE VIOLENCIA DE XÉNERO E A LEI DE IGUALDADE entre sexos anúlense e desactívanse se se elimina por lei o sexo como base da violencia e a desigualdade.

O XÉNERO - o feminino, o masculino atribuído ao sexo - é un sistema de opresión. O rol de xénero é a ferramenta cultural e social que lles di ás mulleres a que estereotipos deben someterse e que roles deben adoptar.

DESCRIBIR O XÉNERO COMA UNHA IDENTIDADE sentida permite afirmar que as persoas non conformes cos estereotipos e roles sexuais que lles impoñen son un indicador de que se naceu no corpo equivocado. Crenza errónea e acientífica.

BAIXO A FALACIA de que se pode ter nacido no corpo equivocado, as criaturas menores de idade están sendo levadas á hormonación e a cirurxías innecesarias. Iso é maltrato infantil.

ESTANSE INOCULANDO EN NENAS E NENOS IDEAS PROFUNDAMENTE SEXISTAS, baseadas en crenzas acientíficas, segundo as cales hai xogos de nenas e de nenos, gustos diferentes de nenas e de nenos. Se estes xogos e gustos non responden aos estereotipos sexistas, segundo estas falsas crenzas, é debido a que o cerebro “rosa ou azul” non se corresponde co sexo biolóxico.

POR DENUNCIAR A IDEOLOXÍA MISÓXINA e reaccionaria que se agocha tras estes falsos conceptos o activismo feminista está sendo obxecto de persecución manifesta. Por iso, expresamente proclamamos que o feminismo non pode ser confundido cos postulados queer nin moito menos substituído polo acientífico e dañino xenerismo queer.

OS DEFENSORES DAS POLÍTICAS DE “IDENTIDADE DE XÉNERO” utilizan en todos os países as mesmas tácticas lobbistas. Estas tácticas inclúen imposicións normativas que son coercitivas contra as mulleres.

QUE OS LOBBIES que queren implantar estas políticas de “identidade de xénero” promoven furtar ao debate democrático público, político e mediático o articulado destas leis e as súas consecuencias para as mulleres, nenas e nenos en particular, e para a cidadanía en xeral.

Por todo isto,

MANIFESTAMOS QUE

O feminismo non é unha teoría das identidades ou dos desexos individuais.

A perspectiva crítica feminista permítenos afirmar que a “identidade de xénero” é só a nova categoría a partir da cal se quere materializar **a exclusión pública e a irrelevancia xurídica das mulleres.**

Negar o sexo e **universalizar o xénero como liberador é un rotundo éxito do patriarcado**, xa que a única certeza é que a dor, a violencia e a inxustiza teñen xénero e que esa violencia e esa inxustiza padécena as mulleres polo feito de naceren mulleres.

Non imos asistir impasibles **ao relato queer que nega a especificidade das mulleres.** Segundo ese relato misóxino, non hai violencia de xénero, non somos o suxeito activo do feminismo, non hai sexo biolóxico, non somos mulleres senón “cismulleres”, non somos mulleres embarazadas senón “corpos xestantes”, non somos un grupo social senón un colectivo.

Denunciamos o relato queer que pretende que as mulleres e a sociedade en xeral aceptemos **categorías inestables, permeables e fluídas** como é o concepto de “identidade de xénero” pretendendo, ademais, que nos vexamos representadas nesas categorías.

Rexeitamos que baixo a acusación de “transfobia” debamos aceptar un novo contrato social polo que se **nos invisibiliza.** Afirmamos que esta corrente é unha imposición patriarcal.

Rexeitamos que o xénero sentido sexa determinante nas estatísticas, no deporte feminino ou nas cotas paritarias de representación. Se a categoría sexo desaparece destes e outros ámbitos, desaparecen tamén os datos sobre as mulleres, os méritos deportivos das mulleres e o dereito das mulleres a que se escoite a nosa voz.

Desde a Alianza Contra o Borrado das Mulleres rexeitamos de forma tallante todo intento de borrar ás mulleres invisibilizando a categoría “sexo” como eixe de opresión, rexeitamos que o “xénero” se corresponda con vivencias íntimas, e rexeitamos que se esnaquice o significado da palabra “mulleres”.

NIN A IGNORANCIA NIN O TEMOR PODEN APRAZAR O NOSO DEBER COMO FEMINISTAS PARA DENUNCIAR AS LEIS DE BORRADO DAS MULLERES.

CONTRA O BORRADO DAS MULLERES, REBELDÍA FEMINISTA. SÚMATE

A ALIANZA CONTRA O BORRADO DAS MULLERES é unha plataforma feminista que nace para defender os dereitos das mulleres baseados no sexo e para desenmascarar as políticas misóxinas segundo as cales ser muller é un sentimento.